

MEMORIA REITOR 2016

UDC Saudable

Vicerreitoría de Responsabilidade Social

- Novo equipo Reitoral, Reitor Prof. Julio Abalde: Primeira reunión Vicerreitora de Responsabilidade Social, Prof^a. Araceli Torres Miño, e Director Campus UDC≡Universidade Saudable, Prof. Sergio Santos del Riego, o día 27 de xaneiro de 2016 no despacho da Vicerreitoría de Ferrol na Maestranza. Asuntos tratados: Políticas de implantación e consolidación do Campus UDC≡Universidade Saudable. Completar a Comisión de Apoio do mencionado Campus.
- Segunda reunión Vicerreitora de Responsabilidade Social Prof^a. Araceli Torres Miño e Director Campus UDC≡Universidade Saudable, Prof. Sergio Santos del Riego o día 25 de febreiro de 2016 no despacho da Vicerreitoría de Ferrol na Maestranza. Asuntos tratados: Asignación do espazo do Campus UDC≡Universidade Saudable no Centro Universitario de Riazor (CUR). Publicitación na comunidade UDC do Programa Quérote Máis. Establecemento de liñas políticas, de promoción de saúde, docentes e investigadoras de traballo, adecuadamente documentadas.
- 15 de xaneiro a 15 de marzo: Complétase a Comisión de Apoio do Campus UDC≡Universidade Saudable coa presenza dos centros, coa excepción da Facultade de Humanidades, Departamentos da rama das Ciencias da Saúde (Ciencias da Saúde, Fisioterapia e Medicina) e de representantes dos grupos de investigación, documentado.

- Petición de propostas de novas actividades e difusión URL facebook do Campus UDC≡Universidade Saudable no mes de marzo aos membros da Comisión de Apoio.
- Tres reunións do Director do Campus UDC≡Universidade Saudable coa Directora da Universidade Sénior (Febreiro-Marzo): Proposta de Green Campus Universidade Sénior e proposta contidos para un posgrao para maiores de promoción de saúde.
- Elaboración Memoria Campus UDC≡Universidade Saudable para Memoria 2015 do Reitor co data 15 de marzo de 2016.
- Reunión do Director do Campus UDC≡Universidade Saudable co Vicerreitor de Economía, planificación económica e Sostenibilidade e Director da Oficina de Medio Ambiente o día 22 de marzo. Asuntos tratados: Espazos (Colexio Santiago Apostol), estado das infraestruturas/accesibilidade UDC, proposta de Compra verde e consumo responsable na UDC (pregos de contratación e posible centralización do capítulo VI parcial o totalmente), proposta Green Campus UDC 2020, Green Campus Oza e asuntos puntuais económicos e do Green Campus da Facultade de Ciencias da Saúde.
- Primeira Reunión da Comisión Permanente do Campus UDC≡Universidade Saudable (Vicerreitora, Director, Delegada de A Coruña/Secretaria Comisión Técnica, Delegada de Ferrol/Secretaria da Comisión de Apoio) no Campus de Esteiro de Ferrol o día 29 de marzo de 2016. Acordos: establecemento da orde do día para a reunión da Comisión Técnica do día 5 de abril do 2016. Debate de novas propostas e actividades. En detalle:
 - *Establécese a orde do día da próxima Comisión Técnica UDC do 5 de abril do 2016.*
 - *Política equipo reitoral UDC:*
 - *Comunicación UDC Saudable: Web institucional axeitada, manual facebook e, moi especialmente e a priori, vías de comunicación bidireccional para publicitar os eventos coa información, jpg e un link informativo relacionado.*
 - *Que un membro do equipo directivo das facultades/escolas asuma as competencias da UDC Saudable a partir das próximas eleccións. Considerando que son políticas de evidencias, a REUS suxire aos Vicedecanatos de Calidade,... e UDC Saudable.*

- *Nun prazo razoable e cos puntos concretados, convocarase a Comisión de Apoio dende a Vicerreitoría de Responsabilidade Social. Obxectivos: Explicacións, Concienciación, Memoria, bidireccionalidade para as publicidades.*
- *Concrétase que se fará unha visita ao espazo do CUR pola banda da Comisión Permanente para determinar recursos antes de proceder á autorización formal documental. A Vicerreitora convocara a CP.*
- *Quérote Máis: Organización da presentación en todos os centros.*
- *Criterios económicos: Decídese que non hai diñeiro salvo para a xornada da Semana Saudable. Promover outras fontes de financiación.*
- *Criterios promotores UDC Saudable: Impregnar as políticas dos vicerreitorados, p.e. premio/distinción para facultade/escola saudable/green, recoñecemento de créditos para estudantes, mérito para PDI en Programa Docentia, mérito para petición de axudas en investigación.*
- *Facer un logo para a UDC Saudable. O Director propón que dalgunha maneira intégrese o logo REUS e logo UDC.*
- *Nova denominación para o Campus UDC≡Universidade Saudable. Tras intercambio de denominacións, unhas innovadoras e outras clásicas, a Vicerreitora consultará coa responsable de Comunicación para determinar un nome corto e con forza publicitaria.*
- **Reunión da Comisión Técnica do Campus UDC≡Universidade Saudable o día 5 de abril ás 16.30 na sala 1 da Reitoría. Acordos (Acta 1):**
 - *Nova denominación para o Campus UDC≡Universidade Saudable: **UDC Saudable**. No participar na 1ª edición do Reto Universitario Saudable da REUS (Vidahora).*
 - *Apróbase participar na Carreira da Fundación galega contra o narcotráfico, segundo camiño da diversidade (Fundación INDAGA) e Cáritas Mondoñedo a proposta da Vicerreitora de Responsabilidade Social.*

- *Apróbase envío información e cursos de formación na Coruña e Ferrol de PREMAP a membros da Comisión de Apoio, en resposta á proposta (curso de Ergonomía) da Facultade de Filoloxía UDC.*
- *Apróbase o Curso Mindfulness da Facultade Ciencias da Actividade Física e Deporte, Profª. Cristina López Villar.*
- *Apróbanse as actividades propostas polas Facultades de Ciencias da Saúde, Facultade de Enfermaría e Podoloxía.*
 - *Xornadas de Saúde Xeoambiental, en colaboración Facultade de Ciencias da Saúde e Servizo de Prevención de Riscos Laborais.*
 - *VII Xornadas de Terapia Asistida con Animais da Facultade de Ciencias da Saúde.*
 - *Actividades con Decathlon da Facultade de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol.*
 - *Campaña de Prevención do Melanoma organizada pola Facultade de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol.*
 - *Outras actividades.*
- *Establécense suxestións, peticións de máis información Coach Saudable (Obesidade e exercicio) nas propostas da Facultade de Economía e Empresa.*
- *Petición de máis información para a proposta da Facultade de Fisioterapia e Departamento de Fisioterapia (unidade de valoración multidisciplinar).*
- *Aprobar dúas Xornadas ao ano (coa excepción de 2016) da UDC Saudable:*
 - *Unha temática segundo o Ano Europeo, 2016: Xornada das tres universidades contra a Violencia de Xénero.*

- *Outra específica.*
 - *Apróbase a organización da Semana Saudable Outubro 2016 pola Facultade de Ciencias da Educación.*
- Xornada "Trata de personas y derechos humanos: diálogos entre lo social y lo sanitario", do proxecto de colaboración coa ONG Accem Galiza, 21 de abril, 16.00 horas, salón de actos do Campus de Oza <https://www.facebook.com/events/1585996931711671/> enmarcada en: NOVICOM: "Programa destinado a fomentar, a nivel estatal, el conocimiento, la sensibilización y la puesta en marcha de acciones de apoyo social a mujeres inmigrantes prostituidas y a mujeres víctimas de trata con fines de explotación laboral o sexual, y a sus hijos e hijas". Financiado por el Ministerio de Empleo y Seguridad Social (MEYSS) y por el Fondo de Asilo, Migración e Integración (FAMI), Proyecto Colaboración Grao en Terapia Ocupacional, UDC e ACCEM Galicia, V Programa de Innovación Educativa da Facultade de Ciencias da Saúde (PIECS) e **UDC Saudable**. Aprobada en Comisión Técnica o 5 de abril de 2016.
- *Outras actividades: loga durante o Embarazo e Posparto, Facultade de Ciencias da Actividade Física e do Deporte, proposta 8 de abril 2016.*
- *Outras actividades: Cineantropometría: Cursos de acreditación de la Internacional Society for Advacement of Kinanthropometry, Departamento de Medicina, proposta 8 de abril de 2016.*
- Unha vez aceptada polo Consello de Dirección Reitoral, primeira proposta da UDC Saudable á Vicerreitoría de Organización Académica e Innovación Educativa dunha competencia transversal para a docencia/aprendizaxe e sexto eixo da UDC persoa/contorna (ciudadanía en clave biopsicosocial universitaria e comunitaria), 15 de abril de 2016: **"Estratexias, habilidades e actitudes que conduzan ao alumnado a desempeñar a súa actividade profesional nun paradigma social de igualdade, saudable, sustentable e solidario, cunha formulación deontolóxica baseada no respecto e recoñecemento das capacidades do ser humano alén das súas posibilidades físicas, sensoriais ou intelectuais, de forma que o alumnado da UDC coñeza, asuma e exercite as habilidades para a vida, definidas pola OMS, as habilidades psicosociais de comunicación verbais/non verbais e os fundamentos da accesibilidade universal e o deseño para todos e todas"**.

- Consello Galego de Benestar Social, Santiago de Compostela, 25 de abril de 2016, Acordos:
 - *Presentación por representante de AMTEGA da plataforma informática para a Historia Social Única Electrónica (HSUE), implantarase entre 2016-2019. Xunto coa Historia Clínica, formará a Historia socio-sanitaria.*
 - *Modificacións da Axenda Social de Galicia, incrementando presupostos e implementando as seguintes actuacións:*
 - *Medidas para mellorar a RISGA (axudas para a inclusión desde a Xunta de Galicia e municipais).*
 - *Medidas para persoas con dificultades do pago enerxético eléctrico (Ticket eléctrico).*
 - *Medidas para persoas sen teito.*
 - *Medidas para mellorar as condicións dos traballadores/as no ámbito social.*
 - *Maior financiación para centros de emerxencia e inclusión social.*
 - *Mellorar medidas de atención á dependencia.*
 - *Mellorar servizos de axuda no fogar.*
 - *Mellora do abordaxe da pobreza infantil (8.000.000 euros).*
 - *Axuda pago medicamentos (3.000.000 euros).*
 - ***Incrementar profesionais: Traballadores sociais e auxiliares, Educadores Sociais (orde específica, fálase coas Deputacións, 1.000.000 euros), e pasaranse de 6 equipos municipais de Atención Temprá a 18 equipos.***

- *Visto boa o Proxecto de Orde de axudas no fogar as persoas con dependencia, incrementarán en 1.000.000 horas o servizo (9.7 euros/hora).*
- *Presentación da Tarxeta acreditativa do Grao de Discapacidade incluída na Estratexia Galega como acreditación, p.e. expedir dereito para prazas de aparcamento. Constará de: datos identificativos, grao recoñecido de discapacidade (%), recoñecemento de axuda por 3ª persoa, recoñecemento en persoas con dificultades na mobilidade e validez). Solicitude presencial ou telemática. Os representantes de CCOO manifestan que podería ser una porta para retirar os dereitos consolidados no marco legal ás persoas con discapacidade parcial xa que normativa da tarxeta consta que debера ser devolta en caso da diminución da discapacidade.*
- *Infórmase do proxecto Decreto 84/2012 polo que se establece os prezos públicos das Residencias de Tempo Libre.*
- Reunión Vicerreitora de Responsabilidade Social e Director **UDC Saudable**, Reitorado, 28 de abril de 2016: Acordos: **Propoñer Eixo Persoa-Entorno no lugar do Eixo de Infraestruturas (outros: Investigación, Docencia, Internacionalización e Marca UDC)**. Pendente visita CUR/ Pendente Acta Comisión Técnica/ Pendente organización Semana Saudable pola Facultade de Ciencias da Educación/ Coach/ Proposta INGADA/ Reunión Comisión Apoio en xuño/ Sinaléptica coas Vicerreitoras de Responsabilidade Social, Vicerreitora de Internacionalización e Director UDC Saudable/ Proposta Fisioterapia-máis información pola Vicerreitora de Responsabilidade Social/ Proposta Prácticas de Promoción de Saúde-ADI/ Pendente Campaña de Prevención do Melanoma/ Proposta Promoción de Saúde para o 50º Aniversario Amas de Casa da Coruña/ PRAM-Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Director UDC Saudable/ MENSA VITAE, participación Vicerreitor de Sostenibilidade e Xerente/ Xornada “Empresas Saudables” do Servizo Galego de Prevención de Riscos Laborais na Facultade de Dereito USC, Director UDC Saudable/ Deseño Universal, CRUE, Director UDC Saudable/ Outros asuntos de intendencia.
- **29 de xuño**, Reunión fundacional da Asociación da “Red Española de Universidades Saludables”, Sede Universidad Rey Juan Carlos, Praza Manuel Becerra.
- **Xullo**, A UDC incorpórase como membro fundacional na Asociación “Red Española de Universidades Saludables”. Coordinadora: Profª. Araceli Torres Miño, Vicerreitora de Ferrol e de Responsabilidade Social.

- Primeira semana de setembro: Finalización da organización e intendencia do espazo **UDC Saudable** no Centro Universitario de Riazor (CUR).
- II Semana **UDC Saudable 3-7 outubro 2016**, organizada pola Facultade de Ciencias da Educación.
 - **3 de outubro:** Inauguración na Facultade de Ciencias da Educación: Presentación **UDC Saudable** e Dúas experiencias: Guía sobre hábitos saudables http://media.wix.com/ugd/741f10_29c83b4a8a8048f6b716dc6bf19f1098.pdf FUNDACIÓN INGADA (Instituto Gallego del TDAH y Trastornos Asociados) e curso on line na web do SERGAS.





- o **4 de outubro**, I Xornada de Promoción de Saúde Bucal e Saúde Mental, Facultade de Ciencias da Saúde. Conferenciantes: Dona Tamara Reiriz Álvarez, Cirurxía e Implantoloxía Oral-Universidade da Coruña, Promoción de Saúde Bucal; Dona María Alfonsín Diéguez, Ortodoncia-Universidade de Lleida, Ortodoncia e Saúde Bucal; Dona Ana Fátima Gómez Suárez, Máster en Neuropsicología-Universidad Pablo de Olavide, Promoción de Saúde Mental no profesional sanitario.



o **4 de outubro**, Don Samuel Carmona Aguirre, Saúde baseada na complexidade e Método Holónico, Facultade de Enfermaría e Podoloxía de Ferrol-Universidade da Coruña.



o **5 de outubro**, Almorzo Saudable, Facultade de Enfermaría e Podoloxía.



o **5 de outubro**, Pausa Saudable, Facultade de Enfermaría e Podoloxía.



o **5 de outubro**, Valora a túa saúde: perspectiva funcional e calidade de vida, Facultade de Fisioterapia e Grao de Terapia Ocupacional.



- **5 de outubro**, Charla: Hábitos de vida saudable, Don Juan Iglesias Iglesias, Facultade de Ciencias do Traballo, Campus de Esteiro, Ferrol.
- **5 de outubro**, Photocall-Merenda Saudable Ocupacional, Grao de Terapia Ocupacional-Facultade de Ciencias da Saúde e invitadas da Universidade Sénior.








- o **5 de outubro**, Obradoiro: Ergonomía, mantemento básico e circulación segura no uso da bicicleta e Bicis na UDC: Ruta guiada dende Campus á cidade, Oficina de Medioambiente (OMA), Limpeza do río Lagar, OMA e Asociación ecoloxista ADEGA, Universidade da Coruña.




- **6 de outubro**, Urbanismo e Saúde, Don Xosé Lois Martínez Suárez; Dona Araceli Serantes Pazos, Cooperativas de consumo e comercio xusto, Facultade de Ciencias da Educación.



- **6 de outubro**, Sinaléptica “Mellor a pé” **UDC Saudable**: Ferrol: Centro Cultural Universitario, Edificio de Apoio ao Estudo e Biblioteca do Patín; A Coruña: Centro Universitario de Riazor, Edificio de Terapia Ocupacional de Oza e Decanato da Facultade de Ciencias da Saúde.





○ **Semana Saudable Universidade Sénior**-Universidade da Coruña.

Días 17/21

Universidade Sénior - UDC

Sede Universidade Sénior, Campus de Ferrol

Conferencia: "Actividade Física e Saúde", 18/10/16 ás 10:00

Profesor Isidoro Hornillos Baz, UDC

Conferencia: "O cambio climático e os seus efectos na saúde", 20/10/16 ás 13:00

Profesor Pedro Vega Marcote, UDC

Sede Universidade Sénior, Campus de A Coruña

Conferencia: "Actividade Física Saudable contigo mesmo", 19/10/16 ás 10:00

Profesor Juan J. Fernández Romero, UDC

Conferencia: "Calidade do aire interior e saúde", 19/10/16 ás 16:00

Profesora Sonia Zaragoza Fernández, UDC

Conferencia: "Beneficios da relación para a saúde", 20/10/16 ás 11:00

Profesor Jose María Rolón Varela, UDC





○ **Portas Abertas-Área de Deportes A Coruña-Ferrol**, 3-7 de outubro de 2016.





- **25 de outubro**, Participación da Universidade da Coruña na Estratexia de “*Promoción de Salud y Prevención del Sistema Nacional de Salud del Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad*”, Consello de Goberno UDC do 28 de setembro. Coordinador do programa: Prof. Sergio Santos del Riego, Director **UDC Saudable**.
- **1 de decembro**, Incorporación á **UDC Saudable-CUR** da bolseira dona Alicia Sixto Sueiras.
- **1 de decembro**, alegacións da UDC a documentos do encontro de Mahón (Menorca) sobre alimentación saudable e enquisa de estilos saudables.

- **16 de decembro**, a **UDC Saudable** asume a implementación do programa “Drogas: tu punto de información” do Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.
- **19 de decembro**, Campaña no Centro Universitario de Riazor para a difusión dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible das Nacións Unidas para 2030.

A Coruña a 12 de xaneiro de 2017

Sergio Santos del Riego,

Director **UDC Saudable**